


GUÍA PRÁCTICA DE ASOCIACIÓN



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

Secretaría Xeral Técnica

1. RÉXIME XURÍDICO DAS ASOCIACIÓNS

As asociacións permiten aos individuos recoñecerse nas súas conviccións, perseguir activamente os seus ideais, cumprir tarefas útiles, atopar o seu posto na sociedade, facerse oír, exercer algunha influencia e provocar cambios.

A Constitución española recoñece no seu artigo 22 o dereito de asociación. Este artigo foi desenvolto pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación (LO 1/2002).

Os principios de liberdade e voluntariedade, que fundamentan o exercicio do dereito de asociación, son compatibles coa constancia das

asociacións nos correspondentes rexistros administrativos. A inscrición, a pesar do seu carácter declarativo, é un acto de indubidable importancia para a seguridade do tráfico xurídico, que se regula no Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Así mesmo, a Administración autonómica promove e facilita o desenvolvemento das asociacións, que persigan fins de interese xeral, mediante a declaración de utilidade pública daquelas entidades que cumpran cos requisitos establecidos no Real decreto 1740/2003, do 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública.

Que é unha asociación?

As asociacións son agrupacións de persoas constituídas para realizar actividades colectivas de forma estable, organizadas democraticamente, sen ánimo de lucro.

As asociacións constitúense por acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas. As federacións e unións constitúense por acordo de

tres ou máis asociacións. As confederacións constitúense por acordo de tres ou máis federacións.

O acordo de constitución, que incluírá a aprobación dos estatutos, formalízase mediante unha acta constitutiva, nun documento público ou privado.

Para que serve a inscrición rexistral?

As asociacións teñen personalidade xurídica desde o momento mesmo da súa constitución e deberán inscribirse no correspondente rexistro para os efectos de publicidade.

A súa inscrición nun rexistro público supón unha serie de garantías, tanto para a propia asociación como para a sociedade en xeral, e ten como función darlle resposta ao requisito de publicidade das asociacións constituídas.

Así mesmo, comporta diversos beneficios: ás persoas asociadas, en canto á súa respon-

sabilidade patrimonial, xa que a inscrición supón a separación entre o patrimonio da asociación e o patrimonio das persoas asociadas; e ao resto da sociedade, porque a inscrición é garantía de que os fins da asociación son lícitos e o seu funcionamento democrático, e permite a identificación do seu domicilio e dos seus representantes.

Ademais, as asociacións que non se atopen previamente inscritas non poderán ser beneficiarias de ningunha medida de fomento establecida polas administracións públicas.

Que asociacións son obxecto de inscrición nos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (RAG)?

O RAG é un rexistro xeral que ten por obxecto a inscrición daquelas asociacións, federacións, confederacións e unións de asociacións con ámbito de actuación comprendido dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, que desenvolvan principalmente as súas actividades no devandito ámbito territorial, e sempre que non teñan fin de lucro nin estean sometidas a un réxime asociativo específico.

As asociacións que soliciten a súa inscrición nos rexistros da Comunidade Autónoma de Galicia deberán establecer nos seus estatutos un domicilio en Galicia, que virá determinado polo ámbito territorial de actuación.

Non se inscriben neste rexistro os partidos políticos, sindicatos e organizacións empresariais, igrexas, confesións e comunidades relixiosas, federacións deportivas, asociacións de consumidores e usuarios e calquera outra regulada por leis especiais.

Como podo saber se unha entidade está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia?

Non tes máis que acudir á nosa base de datos pública, onde poderás comprobar o número de inscrición, o nome completo, o seu do-

micilio, o teléfono de contacto, a data de alta, así como o ámbito. Fai a consulta a través desta ligazón:

[Consulta asociacións](#)

Que tipos de inscrición hai?

Non só é rexistrable a constitución dunha asociación, senón que hai diversos feitos que se suceden durante a súa existencia que son igualmente inscribibles.

Os seguintes tipos de inscricións son os máis habituais:

- Constitución de asociacións, federacións e confederacións
- Modificación dos estatutos
- Identidade das persoas titulares da xunta directiva
- Disolución de asociacións

2. COMO SOLICITAR A INSCRICIÓN NO RAG

Quen pode presentar unha solicitude?

Poderá facelo a propia asociación, mediante o certificado dixital, ou calquera membro da xunta directiva, que é o órgano de representación da asociación, co certificado ou chave365.

Nos demais casos, será necesario acreditar a representación por calquera medio válido en

dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, xa sexa mediante documento público notarial, por comparecencia electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia, ou a través da acreditación da inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

En que lugar presento a miña solicitude?

Lembra que as solicitudes de inscrición deben realizarse a través da sede electrónica

da Xunta de Galicia, mediante o modelo normalizado PR308A:

Solicitud PR308A

A quen dirixo a solicitude?

Deberás remitila a aquel rexistro onde pretendas realizar a inscrición, en función do ámbito territorial que conste nos estatutos da asociación. Se é de ámbito autonómico, corres-

póndeches o Rexistro Central de Asociacións (Secretaría Xeral Técnica), se é de ámbito provincial ou local, o rexistro provincial correspondente (xefatura territorial).

Onde podo conseguir modelos de documentos?

Dispós de modelos de acta constitutiva, estatutos ou certificados de acordos, así como

toda a información necesaria, sobre os diferentes tipos de inscrición, na nosa web:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/asociacions>

Teño que presentar documentación orixinal?

Si, os documentos achegados, que lle dan soporte á inscrición, deben ser orixinais. Por este motivo, non se admiten fotocopias, documentos escaneados ou calquera outro tipo de reprodución que se realice.

Os documentos orixinais requiridos para a tramitación deben ser documentos orixinais asinados dixitalmente ou copias electrónicas auténticas dos documentos asinados en papel.

Se non dispós de documentos asinados dixitalmente, antes da presentación electrónica

da túa solicitude, podes dixitalizar os documentos asinados manualmente e obter unha copia auténtica.

Nas oficinas de atención ao cidadán e de rexistro da Xunta de Galicia poderás obter unha copia electrónica auténtica da documentación orixinal en papel, logo de pagar a taxa correspondente.

Podes ampliar a información sobre as copias electrónicas auténticas a través da seguinte ligazón:

Información copias electrónicas auténticas

Que documentación teño que achegar á miña solicitude?

Relacionamos, a continuación, os tipos de inscrición máis frecuentes, así como a documentación que terás que acompañar á solici-

tude en cada un deles. Se necesitas información sobre outros procedementos, ou ampliar esta información, accede á seguinte ligazón:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/asociacions>

- 📖 **Constitución de asociacións, federacións e confederacións**
- 📖 **Modificación de estatutos**
- 📖 **Identidade das persoas titulares da xunta directiva**
- 📖 **Disolución de asociacións**

Constitución de asociacións, federacións e confederacións

O acordo de constitución da asociación, que incluíra a aprobación dos estatutos, formalízase mediante unha acta constitutiva, en documento público ou privado. As asociacións, unha vez constituídas, deben inscribirse no rexistro de asociacións para os efectos de publicidade.

Documentos que se deben presentar:

- Acta constitutiva asinada por todas as persoas promotoras.

- Estatutos asinados por todas as persoas promotoras.
- No caso de persoas xurídicas promotoras, deben presentar unha certificación do acordo do órgano competente para constituír a asociación e da designación da persoa física representante.

Pode consultar toda a información e os modelos de documentos para inscribir asociacións en:

Constitución asociacións

Pode consultar toda a información e os modelos de documentos para inscribir

federacións e confederacións en:

Constitución federacións

O rexistro non inscribirá a denominación das asociacións cando coincida ou se asemelle de maneira que poida crear confusión con outras asociacións previamente rexistradas no rexistro.

Para saber se a denominación que se pretende inscribir figura xa rexistrada nos rexistros de asociacións, consulte o ficheiro de denominacións a través da seguinte ligazón:

Ficheiro denominacións

Modificación dos estatutos

A solicitude de inscrición debe presentarse no prazo dun mes desde a adopción do acordo de modificación de estatutos.

Documentos que se deben presentar:

- A acta ou a certificación, expedida pola secretaría co visto e prace da presidencia, do acordo validamente adoptado pola asemblea xeral, no que conste a relación dos artigos modificados, o quórum de asistencia, o resultado da votación e a data da aprobación.

- Un exemplar orixinal dos novos estatutos asinado pola presidencia e a secretaría da asociación, que conteña o texto íntegro dos estatutos e a dilixencia final na que se faga constar que os estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na asemblea xeral, así como a data da adopción do acordo de modificación.

O cambio de domicilio da asociación é unha modificación de estatutos, polo que debe seguirse o mesmo procedemento.

Identidade das persoas titulares da xunta directiva

A identidade das persoas titulares do órgano de representación ou xunta directiva debe inscribirse no rexistro de asociacións tras o correspondente proceso de elección ou nomeamento, mesmo no caso de ser reelixidas as mesmas persoas; ou cando se produza calquera alteración na súa composición durante o mandato.

A inscrición debe solicitarse no prazo dun mes desde a elección ou modificación dos titulares da xunta directiva ou órgano de representación.

Documentos que se deben presentar:

- Acta ou certificación do acordo adoptado expedida pola persoa con facultade para a certificación de acordos (secretaría), co visto e prace da presidencia, no que conste:
 - A data, o lugar da reunión e o contido do acordo adoptado.

- O quórum de asistencia e o resultado da votación nos termos establecidos nos estatutos.

- As persoas que cesan e as persoas que foron designadas para todos os cargos, así como a súa aceptación e data de efectos, co seguinte detalle:

- ✓ O nome, os apelidos, o domicilio e o DNI se son persoas físicas.
- ✓ A razón social ou a denominación e NIF se son persoas xurídicas, xunto cos datos de identificación da persoa física que actuará na súa representación.
- ✓ Sinaturas de todas as persoas titulares da actual xunta directiva e, se é o caso, das saíntes. De non poder achegarse a sinatura das saíntes, acompañarase unha xustificación suficiente de tal circunstancia.

Disolución de asociacións

As asociacións disolveranse polas causas previstas nos estatutos e, na súa falta, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral convocada para o efecto, así como polas causas determinadas no artigo 39 do Código civil e por sentenza xudicial firme.

A solicitude de inscrición debe presentarse no prazo dun mes desde a data de concurrencia das causas previstas nos estatutos, das causas establecidas no artigo 39 do Código civil ou desde a data do acordo adoptado polas persoas asociadas en asemblea xeral convocada para o efecto.

- Certificación expedida pola persoa ou cargo con facultade para certificar, co visto e prace da persoa titular da presidencia, segundo o caso:
 - Se a disolución se produce polas causas previstas nos estatutos, a certificación expresiva do artigo que regula tales causas e a data na que se produciron.
 - Se a disolución se produce en virtude do artigo 39 do Código civil, o certificado expresivo das causas determinantes desta e a data en que se produciron.
 - Se a disolución se produce por vontade das persoas asociadas en asemblea

xeral, certificación do acordo adoptado no que conste:

- ✓ A data e o lugar da reunión, o contido do acordo, o quórum de asistencia e o resultado da votación nos termos establecidos nos estatutos.
- ✓ Que a disolución foi aprobada conforme aos requisitos que para a adopción de acordos establecen os estatutos.
- No caso de existir patrimonio no momento da disolución, o documento acreditativo da aceptación e a identidade das persoas encargadas da liquidación, da situación patrimonial da asociación e sinalización, se é o caso, da existencia de acredores e do destino que se lle vai a dar ao patrimonio conforme ao establecido nos estatutos. Unha vez cumprido o seu labor, os liquidadores deberán presentar unha solicitude acompañada da documentación xustificativa da aplicación do patrimonio remanente.
- No caso de non existir patrimonio no momento da disolución, debe indicarse expresamente esta circunstancia na solicitude, sen que sexa necesario achegar a documentación mencionada no punto anterior.

Resolución do procedemento de inscrición

O prazo de resolución dos procedementos de inscrición será de tres meses contados desde a data de entrada da solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

No devandito prazo recibirás a notificación da correspondente resolución de inscrición. Se fose necesario emendar algunha deficiencia ou a achega de documentos, notificaráseche o

respectivo requirimento co obxectivo de que poidas corrixir os defectos observados.

A denegación da inscrición prodúcese cando a entidade non cumpre os requisitos legais esixidos, non está incluída no ámbito de aplicación da LO 1/2002 ou non ten a natureza de asociación, así como nos casos de ilicitude penal na súa constitución ou actividade.

3. PUBLICIDADE DO RAG: OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS E COPIAS

Documentos que se deben presentar:

- Solicitude mediante o modelo PR308A, seleccionando o tipo de certificado pretendido ou aquela documentación requirida.

Neste caso, a simple presentación da solicitude outorga a condición de interesado, motivo polo que non é necesario acreditar a representación.

4. TAXAS

O custo dun certificado é sempre o correspondente a un só folio (3,85 €).

Os pagos poderanse realizar, logo da presentación do documento de pago corres-

pondente, en calquera das oficinas bancarias habilitadas pola Consellería de Facenda e Administración Pública, ou ben a través da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia:

Información e pago de taxas

O seguinte cadro ofrece información útil para a cobertura do impreso de autoliquidación de taxas aplicables a inscricións e información en relación co rexistro de asociacións,

e neste relaciónanse as denominacións e códigos das unidades administrativas tramitadoras e dos actos sometidos a aboamento de taxa e importes.

Consellería (código 04): Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.	
Delegación:	Servizos Centrais (código 13)
	A Coruña (código 10)
	Lugo (código 20)
	Ourense (código 30)
	Pontevedra (código 40)
Servizo: Asociacións (código 17)	

CÓDIGO	TAXA	TARIFA (€)
30.39.01	Inscripción do acordo de constitución	38,35 €
30.39.02	Inscripción da xunta directiva	8.09€
30.39.03	Inscripción do acordo de disolución	19,20 €
30.39.04	Inscripción de modificación dos estatutos, transformación ou fusión	19,20 €
30.39.05	Inscripción de apertura, cambio e peche de delegacións ou establecementos	19,20 €
30.39.06	Inscripción de federación, confederación e unión de asociacións	57,54 €
30.39.07	Inscripción de incorporación/separación de asociacións a unha federación ou unión de asociacións; e incorporación/separación de federacións a unha confederación	19,20 €
30.39.08	Copia de estatutos	19,20 €
30.39.09	Copia doutros documentos depositados no rexistro e obtención de informacións, certificacións ou listaxes	3,85 €
30.39.10	Anotacións de calquera clase nos expedientes ou subministro de datos non incluídos nos apartados anteriores	8,09 €
30.39.11	Tramitación do expediente das asociacións declaradas de utilidade pública	19,56 €

5. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DAS ASOCIACIÓNS

Requisitos que deben cumprir as asociacións para ser declaradas de utilidade pública

Poderán ser declaradas de utilidade pública as asociacións nas que concorran estes requisitos:

- Que os seus fins estatutarios tendan a promover o interese xeral
- Que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar os seus asociados, senón aberta a calquera outro posible beneficiario que reúna as condicións e caracteres esixidos pola índole dos seus propios fins.
- Que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións non o fagan con cargo a fondos e subvencións públicas.
- Que contén cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea

para garantir o cumprimento dos fins estatutarios.

- Que se atopen constituídas, inscritas no rexistro correspondente, en funcionamento e cumprindo efectivamente os seus fins estatutarios, ininterrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos, polo menos durante os dous anos inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

Solicitude presentada a través da sede electrónica mediante o modelo normalizado PR310A. Tamén debe incluír as razóns da solicitude e un informe de obxectivos que xustifiquen a concesión da mención, con especial referencia ás actividades de interese xeral.

Que documentos teño que achegar á solicitude?

Documentos que se deben presentar:

- Memorias, nas que se reflictan as actividades que desenvólvese ininterrompidamente durante os dous exercicios económicos anuais precedentes a aquel en que se presenta a solicitude. Ambas as memorias, unha por cada exercicio económico, deberán estar asinadas polos membros da xunta directiva ou órgano de representación da entidade.
- Contas anuais dos dous últimos exercicios pechados, comprensivas do balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica, que mostren a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade. Estes documentos presentaranse asinados polos membros da xunta directiva ou órgano de representación.

- Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Axencia Tributaria de Galicia na que conste que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e que non constan débedas de natureza tributaria en período executivo.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ao corrente nas súas obrigacións coa Seguridade Social.
- Copia cotexada, se é o caso, da alta na epígrafe correspondente do imposto sobre actividades económicas.
- Certificación do acordo do órgano da asociación que sexa competente polo que se solicita a declaración de utilidade pública.

Existen modelos de documentación contable dispoñibles?

Si, ademais tes a obrigación de utilizalos.

Pódelos atopar na seguinte ligazón:

[Modelos asociacións de utilidade pública](#)

Resolución do procedemento de declaración de utilidade pública

A declaración de utilidade pública adopta a forma de orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e publícase no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen notificarse resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude.

Beneficios das asociacións de utilidade pública

As asociacións declaradas de utilidade pública terán os seguintes dereitos:

- Usar a mención "Declarada de Utilidade Pública" en toda clase de documentos, a continuación da súa denominación.
- Gozar das exencións e beneficios fiscais que as leis recoñezan a favor destas, nos

termos e condicións previstos na normativa vixente.

- Gozar de beneficios económicos que as leis establezan a favor destas.
- Asistencia xurídica gratuíta nos termos previstos na lexislación específica.

Para saber máis sobre a declaración de utilidade pública

[Información sobre a declaración de utilidade pública](#)

6. CONTACTO

Necesito máis información

Acude á nosa web para ampliar a información contida nesta guía:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/asociacions>

Esta ligazón permite obter información, modelos orientadores de documentación e toda a información necesaria para a liquidación

de taxas, en relación cos procedementos que se tramitan pola Xunta de Galicia en materia de asociacións.

Atención personalizada

Se todo o anterior non terminou de resolver as túas dúbidas, poñemos á túa disposición os teléfonos de contacto e os enderezos electrónicos para solucionarlas. Ten en conta que, para

que poidamos axudarte, deberás dirixirte a aquel rexistro onde pretendas realizar a inscrición, en función do ámbito territorial que conste nos estatutos da asociación.

REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIÓNS (ámbito autonómico)

Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Tel.: 881 995 466 / 881 995 467

Enderezo-e: registro.asociacions@xunta.gal

REXISTROS PROVINCIAIS DE ASOCIACIÓNS (ámbito provincial ou local)

A Coruña

Servizo de Xestión Técnico-Administrativa

Tel.: 981 185 765 / 981 184 486

Enderezo-e: asociacions.coruna@xunta.gal

Lugo

Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Tel.: 982 294 333 / 982 294 334

Enderezo-e: asociacions.lugo@xunta.gal

Ourense

Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Tel.: 988 386 412 / 988 387 629

Enderezo-e: asociacions.ourense@xunta.gal

Pontevedra

Servizo de Xestión Técnico-Administrativa e Interior

Tel.: 986 805 376 / 986 805 377

Enderezo-e: asociacions.pontevedra@xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES**

Secretaría Xeral Técnica

Complexo Administrativo San Caetano
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela